



O pobo que xa non está

María Rosa Lema Torres


Había unha vez un pobo xa desaparecido pero que segue na memoria de moitos, ou polo menos de todos os que o viviron e sentiron coma eu, que so pretendo continuar a memoria dun lugar privilexiado no corazón das Rías Baixas.

Eu sempre quero pensar que o que hai agora é so unha pel postiza e que si tiro por un lado desa pel de asfalto, levantarei a capa inmunda, aplastante de néboa que cubre o lugar verdadeiro, auténtico, que nunca vai desaparecer mentres que haxa xente que o recorde. Por iso este escrito que non pretende máis que iso: recordar.

Nese pobo, había un Vello Muíño...

...e como as pandereteiras, tamén o muiñeiro daba golpes ao tambor de madeira onde lle caía o millo aínda sen moer. Non sei se para acompañar a canción que sempre entoaba con gran potencia de voz ou máis ben para despegar a fariña dos lados do tambor. Eu axudaba a miña nai, que lavaba as sacas de gran e permaneciamos naquel sitio escuro e reducido, sentadas esperando para poder levar a materia que logo converteríase en milagroso alimento: o pan. O sistema era ben sinxelo: bastaba con

introducir o millo nun embudo de madeira ou coiro que colgaba do teito. Cando caía entre as dúas pedras, que xiraban grazas ao empuxe da auga que pasaba por baixo, era inmediatamente triturado enchendo o aire dun poíño que facía a atmosfera do muiño aínda máis especial. O ruído da auga e o roce das pedras xuntábanse tamén coa voz do muiñeiro para formar unha sinfonía perfecta.



Sanxenxo



Sanxenxo